



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

BORRADOR ACTA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

- CASA DO CONCELLO, XOVES 27 DE ABRIL DE 2017 -

No día de hoxe, ás 13:30 horas, baixo a presidencia da alcaldesa, reúnen-se os concelleiros e concelleiras que se indican co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión Ordinaria da Xunta de Goberno Local.

PRESIDE:

MARIA JESUS NOVO GOMEZ

ASISTEN:

PP

LUIS RICO VEREA

ELISARDO MONTERO CASTRO

Non Adscrito

JOSE BALADO CASAL

AUSENCIAS:

SECRETARIA / INTERVENTORA:

REBECA VAZQUEZ VAZQUEZ

Constátase a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente, polo que a alcaldesa, como Presidenta, declara aberta a sesión. Procédese a tratar os asuntos incluídos na

ORDE DO DÍA

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA.

De conformidade co preceptuado no artigo 91 do R.O.F., a Presidencia pregunta se existe algunha obxección á acta da sesión realizada en data 23 de febreiro de 201 e ao non producirse ningunha, a Presidencia somete a votación ordinaria a súa aprobación, da que resulta aprobada por unanimidade dos Sres./Sras. Concelleiros/as.

2.- ESCRITOS CHEGADOS AO CONCELLO

2.1.- RESOLUCIÓN DA DIRECCIÓN XERAL DE ADMINISTRACIÓN LOCAL EN RELACIÓN COA PETICIÓN FORMULADA POR ESTE CONCELLO DE RENUNCIA PARCIAL DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA PARA A ACTUACIÓN RECUPERACIÓN DO ESPAZO AMBIENTALMENTE DEGRADADO CHOUSA DA MOTA.

Pola secretaria dáse conta da resolución de data 30 de marzo de 2017 da directora xeral de Administración Local, con rexistro de entrada neste concello co nº 800 en data 06/04/2017, na que se resolve aceptar a renuncia parcial presentada por este concello á subvención por importe de 16,655,28 €uros para a actuación denominada Recuperación do espazo ambientalmente degradado Chousa da Mota, concedida por resolución do 25 de maio de 2016 da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, ao abeiro da Orde do 21 de decembro de 2015, da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, pola que se regulan os criterios de repartición e se establecen as bases reguladoras e a convocatoria de subvencións de liña en concorrencia non competitiva e da liña en concorrencia competitiva do Fondo Compensación Ambiental para o ano 2016, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, destinadas a entidades locais de Galicia (DOG núm. 246, do 28 de



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

decembro).

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as e por parte da Alcaldía sinala que os motivos para renunciar esta subvención foi por non contar coa autorización sectorial de Patrimonio.

2.2.- ORDE DA CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO SOBRE RECTIFICACIÓN DE ERRO MATERIAL NO PLANO 3.4.3 DO PXOM DO CONCELLO DE BOIMORTO (CAMIÑO PÚBLICO QUE ATRAVESA A FINCA PROPIEDAD DE DNA. MERCEDES SEOANE BRAVO E QUE NON EXISTE, TRATÁNDOSE DUN CAMIÑO DE TITULARIDADE PRIVADA DE ACCESO A SÚA VIVENDA).

Pola secretaria dáse conta da orde de data 05/04/2017 da conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, con rexistro de entrada neste concello co nº 846 en data 10/04/2017, na que se resolve non aprobar a Corrección de erros materiais nun vial do plano 3.4.3, do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Boimorto, que ordena o solo de núcleo rural de Gárdoma-Igrexa, da parroquia de Boimil, aparece un sistema local viario que une as estradas AC-234 e CP-1003.

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as e acordan elevalo ao Pleno da Corporación para acordo de arquivo do expediente.

2.3.- ESCRITO DA DIRECCIÓN XERAL DE XUSTIZA INFORMANDO SOBRE NOMEAMENTO E FINANCIAMENTO DO SECRETARIO DO XULGADO DE PAZ

Pola secretaria dáse conta do escrito remitido da Dirección Xeral de Xustiza, Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, con rexistro de entrada neste concello co nº 876 en data 12/04/2017, no que da resposta ao escrito remitido por este concello solicitando información relativa ao nomeamento e o financiamento do secretario do xulgado de paz.

Fai constar a Alcaldía que foi o secretario o que pediu a baixa voluntaria para xubilación.

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

2.4.- ESCRITO DO SERVIZO DE CALIDADE E AVALIACIÓN AMBIENTAL DA XEFATURA TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO, COMUNICANDO SOBRE OBRIGATORIEDADE DE RECIBIR NOTIFICACIÓNS POR MEDIOS ELECTRÓNICOS.

Pola secretaria dáse conta do escrito remitido do Servizo de Calidade e Avaliación Ambiental, con rexistro de entrada neste concello co nº 886 en data 17/04/2017, no que comunica que todas as notificacións que se efectúen dende esa unidade serán realizadas de forma exclusivamente electrónica a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia – Notifica.Gal, accesible na dirección <http://notifica.xunta.gal/>.

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as

2.5.- ESCRITO DA SOCIEDADE GALEGA DO MEDIO AMBIENTE SOBRE NOTIFICACIÓNS ELECTRÓNICAS

Pola secretaria dáse conta do escrito remitido do presidente da Sociedade Galega do Medio Ambiente, con rexistro de entrada neste concello co nº 847 en data 10/04/2017, no que comunica a dirección de correo electrónico notificaciones@sogama.es para que se lles envíe aviso das



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

notificacións conforme obriga o artigo 14,2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as

2.6.- RESOLUCIÓN DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL POLA QUE SE APROBA A CONTA XUSTIFICATIVA DA SUBVENCIÓN OUTORGADA CORRESPONDENTE AO PROGRAMA DE INTEGRACION LABORAL MEDIANTE A EXECUCIÓN DE OBRAS E SERVIZOS MÍNIMOS MUNICIPAIS DOS CONCELLOS DA PROVINCIA DE MENOS DE 20.000 HABITANTES, ANUALIDADE 2016

Pola secretaria dáse conta da resolución telemática enviada polo Presidente da Deputación da Coruña, con rexistro de entrada neste concello co nº 962 en data 26/04/2017, na que se aproba a conta xustificativa presentada para os efectos do cobro da subvención concedida ao abeiro da convocatoria publicada no BOP do 21/04/2016 (Contratación tres peóns).

O importe que se vai aboar é de 11.000 € (o resto do 50% da subvención concedida).

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

2.7.- RESOLUCIÓN DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL POLA QUE SE APROBA A CONTA XUSTIFICATIVA PARA ACTIVIDADES DE PROMOCIÓN TURÍSTICA DURANTE O EXERCICIO 2016

Pola secretaria dáse conta da resolución telemática enviada polo Presidente da Deputación da Coruña, con rexistro de entrada neste concello co nº 922 en data 20/04/2017, na que se aproba a conta xustificativa presentada para os efectos de cobro da subvención concedida ao abeiro da convocatoria publicada no BOP do 18/11/2015 (Actividades de promoción turística 2016).

O importe que se vai aboar é de 2,232,00 € (o 100% da subvención concedida).

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

3.- LICENZAS, PERMISOS AUTORIZACIÓNS

3.1.- LICENZAS, PERMISOS

3.1.1.- LICENZA Á ASOCIACIÓN AMARAI USO POLIDEPORTIVO MUNICIPAL

Vista a instancia con data 30/03/2017 con rexistro de entrada no Concello co número 751, subscrita por Dna. Yolanda Mejuto Vázquez con DNI núm. 46710246Y actuando como directora da Asociación de persoas maiores con discapacidade e apoio a integración das comarcas de Arzúa e Terra de Melide (AMARAI), na que solicita autorización para uso do polideportivo municipal para a realización de actos con motivo da celebración do VI aniversario do Centro de recursos para persoas con discapacidade de Boimorto o día 5 de maio de 2017, en horario de 9:30 a 14:00 horas e tamén solicita a exención do pagamento da taxa pola súa utilización.

Visto o artigo 5º da Ordenanza fiscal nº 10, reguladora da taxa por utilización do polideportivo municipal, a Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Autorizar á Asociación de persoas maiores con discapacidade e apoio a integración das comarcas de Arzúa e Terra de Melide (AMARAI) o uso do polideportivo municipal o día 5 de maio de 2017, en horario de 9:30 a 14:00 horas para realización de actos con motivo da celebración do VI aniversario do Centro de Boimorto, condicionando a autorización a:

1º.- Os autorizados, ao rematar os actos, deberán deixar o espazo ocupado nas mesmas condicións de limpeza que no momento do inicio do mesmo.



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

2º.- O Concello non se fai responsable de ningún dano que se ocasione o día da celebración do aniversario.

SEGUNDO.- Recoñecer á asociación AMARAI a exención do pagamento da taxa pola utilización do polideportivo municipal en base ao disposto no artigo 5º f) da mencionada Ordenanza fiscal, ao tratarse de actividades promovidas por un entidade sen fins de lucro de ámbito municipal.

TERCEIRO.- Comunicar este acordo ao técnico de deportes para que se encargue de abrir e pechar o polideportivo municipal e o teña en conta na programación de actividades.

CUARTO.- Notificar o presente decreto á interesada, con expresión dos recursos que pode interpoñer contra o mesmo, así como o lugar e prazo para interpoñelos.

3.1.2.- LICENZA PARA AUTORIZACIÓN DO USO DO SALÓN DE ACTOS DA CASA DE CULTURA DE BOIMORTO O DÍA 16-05-2017

Vista a instancia con data 30/03/2017 con rexistro de entrada no Concello co número 752, subscrita por Dna. Yolanda Mejuto Vázquez con DNI núm. 46710246Y actuando como directora da Asociación de persoas maiores con discapacidade e apoio a integración das comarcas de Arzúa e Terra de Melide (AMARAI), na que solicita autorización para utilización da casa de cultura o día 16/05/2017 de 9:30 a 14:00 h para celebrar unha representación para celebrar o día das letras galegas.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Autorizar á directora da Asociación de persoas maiores con discapacidade e apoio a integración das comarcas de Arzúa e Terra de Melide (AMARAI) ó uso do salón de actos da casa de cultura para o día 16/05/2017 de 9:30 a 14:00 horas.

SEGUNDO.- Notificar o presente acordo á interesada co réxime de recursos que pode interpoñer contra o mesmo.

4.- URBANISMO OBRAS SERVIZOS

4.1.- URBANISMO

4.1.1.- LICENZA DE OBRA MAIOR (LO 4/2017) PARA REHABILITACIÓN DE EDIFICIO DE PLANTA BAIXA E ALTA PARA ALBERGUE TURÍSTICO DE SEGUNDA CATEGORÍA NA RÚA GÁNDARA Nº 49 DO NÚCLEO URBANO DE BOIMORTO, A INSTANCIA DE DNA. MARÍA ISABEL GÓMEZ ARTO.

Visto o expediente da solicitude licenza urbanística de obra (OB-001), tramitado a instancia de Dna. María Isabel Gómez Arto con DNI nº 33274586A e con domicilio a efectos de notificacións en rúa Gándara nº 47 1º Boimorto código postal 15817, solicitude con rexistro de entrada no concello co nº 2.433 en data 26/10/2016, para realizar as obras de rehabilitación de edificio de planta baixa e alta para albergue turístico de segunda categoría na rúa Gándara nº 49 do núcleo urbano de Boimorto, referencias catatrais: 0612517NH7601S0000TG, 0612516NH7601S0000LG e 0612515NH7601S0000PG, consonte ao proxecto básico achegado coa solicitude, redactado polo arquitecto D. Juan Antonio Reboredo Inchaurrega, colexiado nº 1.413; a parcela está clasificada no PXOM de Boimorto como solo urbano, coa ordenanza de edificación intensiva tradicional.

Con data 15/02/2017, os servizos técnicos municipais emitiron informe favorable, sinalando unha serie de observacións.

Con data 29/03/2017, número de rexistro de entrada 721, Dna. María Isabel Gómez Arto, presenta documentación complementaria destacando proxecto de execución visado o 7/03/2017, Anexo 2 ao proxecto e oficio de dirección de obra.



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

Con data 5/04/2017, número de rexistro de entrada 794, Dna. María Isabel Gómez Arto, presenta Anexo 2 correxido, redactado polo mesmo técnico.

Con data 12/04/2017, número de rexistro de entrada 875, Dna. María Isabel Gómez Arto, presenta oficio de dirección de execución de obra e oficio de coordinación de seguridade e saúde.

Vista a resolución de data 3/02/2017 da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, rexistro de entrada 301 en data 9/02/2017, sobre a intervención no Camiño de Santiago, autorizando as obras, baixo unhas condicións. (Expediente número: 2016/1536 CNC).

Visto o informe técnico favorable de outorgamento de licenza de data 5/04/2017 dos servizos técnicos municipais emitido por D. Ángel Delgado Cid e informe posterior ao informe de secretaría do arquitecto D. Manuel Carro López de data 26/04/2017, favorable, sinalando que a actividade non ten que someterse ao procedemento de avaliación de incidencia ambiental regulado na Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia.

Visto o informe de Secretaría de 30/03/2017 coas advertencias nel contidas.

A Xunta de Goberno Local por maioría cos votos favorables de María Jesús Novo Gómez e Elisardo Montero Castro, a abstención de José Balado Casal e o voto en contra de Luís Rico Verea,

ACORDA:

PRIMEIRO.- Conceder coas condicións sinaladas neste acordo e no documento xeral de licenza, salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, licenza de obra a Dna. María Isabel Gómez Arto con DNI nº 33274586A (LO 4/2017), para executar as obras de rehabilitación de edificio de planta baixa e alta para albergue turístico de segunda categoría na rúa Gándara nº 49 do núcleo urbano de Boimorto (solo urbano edificación intensiva tradicional), conforme á solicitude e documentación indicada nos considerandos deste acordo, cun orzamento de execución material de 49.101,00 €uros, sendo nomeado director de obra D. Juan Antonio Rebolledo Inchaurrega, colexiado nº 1413 e director de execución da obra e coordinador de seguridade e saúde o arquitecto técnico Dna. María Fe García Liñeira, colexiado nº 1480.

SEGUNDO.- Someter a licenza de obras maior ás seguintes condicións:

- .- Outórgase a presente licenza salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.
- .- Sen prexuízo doutras autorizacións sectoriais e baixo os condicionantes recollidos no punto 7 dos antecedentes e consideracións técnicas da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural que consta no expediente e se indica nos considerandos deste acordo.
- .- Condicionantes sinalados nos informes técnicos e xurídicos indicados nos considerandos deste acordo.
- .- Cumprirse a normativa do Decreto 57/2016, do 12 de maio, de Turismo de Galicia e Lei 7/2011.
- .- De conformidade co disposto no artigo 357.6 do Decreto 143/2016, de 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia será requisito indispensable en todas as obras dispoñer, xunto á obra, de copia autorizada da licenza municipal, e nas obras maiores a colocación do cartel indicador no que se faga constar o nome e apelidos das persoas técnicas e directoras e da persoa contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai a destinar a construción, data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente e tamén serán aplicables os artigos 47, 48, 49, 50 e 51 da Ordenanza reguladora das licenzas urbanísticas e outras formas de intervención administrativa do Concello de Boimorto, publicada no BOP nº 144 de data 31 de xullo de 2014.
- .- En relación a vixencia, caducidade, extinción da licenza e inicio das obras serán aplicables os artigos 42, 43, 44 e 46 da Ordenanza reguladora das licenzas urbanísticas e outras formas de intervención do Concello de Boimorto, publicada no BOP nº 144 de data 31 de xullo de 2014 así como o artigo 145 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia e 359 do Decreto 143/2016,



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

de 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia

TERCEIRO.- Informarlle á interesada que unha vez realizadas as obras para as que se lle concede licenza de obra e antes da posta en funcionamento da actividade, a mesma estaría sometida a comunicación previa, polo que deberá tramitala segundo o disposto no artigo 36 da Ordenanza reguladora das licenzas urbanísticas e outras formas de intervención administrativa do Concello de Boimorto, publicada no BOP nº 144 de data 31 de xullo de 2014, utilizando o modelo CP-001

CUARTO.- Aprobar a liquidación de ICIO nos seguintes termos

1º.- LO 4/2017

Presuposto de execución material da obra: 49.101,00 €uros.

Liquidación: 982,02 €uros.

QUINTO.- Notificar o presente acordo a Dna. María Isabel Gómez Arto indicando o réxime de recursos que poden interpoñerse contra o mesmo.

En relación coas comunicacións previas a tratar, advirte a secretaria interventora sobre a non constancia nos expedientes de comunicación previa sobre a legalidade dos inmobles (construcións) sobre as que realizar obras solicitadas, legalidade por ter licenza ou ben darse o caso de declaración de fora de ordenación pasados os prazos fixados legalmente para a incoación e resolución de expediente de reposición da legalidade urbanística vulnerada, o que leva a advertir que non poderían autorizarse obras novas sobre construcións ilegais que previamente deberían ser obxecto de expediente de reposición da legalidade urbanística sen prexuízo do inicio e resolución no seu caso de expediente sancionador urbanístico.

4.1.2.- COMUNICACIÓN PREVIA DE EXECUCIÓN DE OBRA MENOR CP-004

Consta nas dependencias municipais comunicación previa de execución de obras, presentada en data 10 de maio de 2016 (RE núm. 906) coas seguintes características:

Datos do solicitante

Nome e apelidos:	José Ramón Seoane Sánchez
DNI:	33217796T
Domicilio:	Rúa Pérez Constanti, 9-2º, 15702 Santiago de Compostela

Datos da obra:

Obxecto:	Reparación e reconstrución da cuberta dunha vivenda unifamiliar, respectando a estrutura orixinal de madeira, cunha superficie de Tellado de 78 m2.
Situación:	Lg. Marmoiral - Dornéa - 15816 Boimorto
Referencia catastral:	15010A508003270001KM
Orzamento de execución:	3.000,00 €uros
Cualificación urbanística:	Solo rústico de protección de infraestruturas (AC-840) e solo rústico de protección agropecuaria
Autorización sectoriais:	Servizo Provincial Consellería de Infraestruturas e Vivenda (AC-840)



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

Compatibilidade urbanística:	Sí (Informe do técnico municipal, D. Ángel Delgado Cid, de data 23 de febreiro de 2017)
------------------------------	---

Debidamente informados de canto antecede e de conformidade co previsto na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG) e na Lei 9/2013, do 19 de decembro, de emprendemento e de competitividade económica de Galicia (LECG), a Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Declarar completa a documentación presentada por medio de comunicación previa aos datos anteriormente consignados, de conformidade co artigo 194.5 da LOUG e ao establecido na Ordenanza municipal reguladora da tramitación das licenzas urbanísticas e outras formas de intervención administrativa, aprobada en sesión plenaria celebrada o 24 de abril de 2014, publicada no BOP nº 144 de 31/07/2014, co que pode realizar a obra, nos termos comunicados.

Darase cumprimento ao informado polo técnico municipal no sentido de que **se terán en conta as condicións impostas na autorización do Servizo Provincial da coruña da Consellería de Infraestruturas e Vivenda.**

SEGUNDO.- Dita comunicación previa constitúe título habilitante para o inicio dos actos de uso de solo suxeitos a ela, sen prexuízo das posteriores facultades de comprobación, control e inspección por parte do Concello.

TERCEIRO.- Aprobar a liquidación de ICIO nos seguintes termos:

1º.-

Presuposto de execución material da obra: 3.000,00 €uros

Liquidación 2%: **60,00 €uros**

CUARTO.- Notificar o presente acordo D. José Ramón Seoane Sánchez indicando o réxime de recursos que poden interpoñerse contra o mesmo.

4.1.3.- COMUNICACIÓN PREVIA DE EXECUCIÓN DE OBRA MENOR CP-004

Consta nas dependencias municipais comunicación previa de execución de obras, presentada en data 29 de agosto de 2016 (RE núm. 2000) coas seguintes características:

Datos do solicitante

Nome e apelidos:	Antonio Brea Costoya
DNI:	76474231J
Domicilio:	Paseo Alcalde Francisco Vázquez nº 65 6º Esquerda – A Coruña

Datos da obra:

Obxecto:	Renovación de cuberta mediante retirada de tella existente e colocación de tella nova
Situación:	Rúa Camiño das Cerdeiras nº 2 do núcleo urbano de Boimorto
Referencia catastral:	1219502NH7612S0001QF
Orzamento de execución:	7.200,00 €uros
Calificación urbanística:	Solo urbano coa ordenanza de edificación extensiva.
Autorización sectoriais:	Resolución da Dirección Xeral de Patrimonio de data



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

	03/03/2017 autorizando as obras (expediente núm. 2016/1342 CNC)
Compatibilidade urbanística:	Sí (Informe do técnico municipal, D. Ángel Delgado Cid de data 15 de marzo de 2017)

Debidamente informados de canto antecede e de conformidade co previsto na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG) e na Lei 9/2013, do 19 de decembro, de emprendemento e de competitividade económica de Galicia (LECG), a Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Declarar completa a documentación presentada por medio de comunicación previa os datos anteriormente consignados, de conformidade co artigo 194.5 da LOUG e ao establecido na Ordenanza municipal reguladora da tramitación das licenzas urbanísticas e outras formas de intervención administrativa, aprobada en sesión plenaria celebrada o 24 de abril de 2014, publicada no BOP nº 144 de 31/07/2014, co que pode realizar a obra, nos termos comunicados.

Darase cumprimento á resolución do 03/03/2017 da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

SEGUNDO.- Dita comunicación previa constitúe título habilitante para o inicio dos actos de uso de solo suxeitos a ela, sen prexuízo das posteriores facultades de comprobación, control e inspección por parte do Concello.

TERCEIRO.- Aprobar a liquidación de ICIO nos seguintes termos:

1º.-

Presuposto de execución material da obra, segundo informe do técnico: 8.905,00 €uros

Liquidación 2%: **178,10 €uros**

CUARTO.- Notificar o presente acordo a D. Antonio Brea Costoya indicando o réxime de recursos que poden interpoñerse contra o mesmo.

4.1.4.- COMUNICACIÓN PREVIA DE EXECUCIÓN DE OBRA MENOR CP-004

Consta nas dependencias municipais comunicación previa de execución de obras, presentada en data 3 de marzo de 2017 (RE núm. 509) coas seguintes características:

Datos do solicitante

Nome e apelidos:	Javier Sueiro Vázquez, actuando en nome e representación de Ganadería Ponte Boado, S.L.
DNI:	78796324A
Domicilio:	Lg. Ponte Boado núm. 5 – Arceo – 15818 Boimorto

Datos da obra:

Obxecto:	Construción de soleira de 4,20 x 3,70 x 0,40 m, separada 6 metros do eixo do camiño, sobre a que se colocará un silo metálico vertical de 9 metros de altura e 3 metros de diámetro, con un peso baleiro de 1.200 Kg e capacidade de 30.000 Kg de penso, colocándose dun cerramento ao longo da estrada, cunha lonxitude de 114 metros e 2 metros de altura, comezando cun pequeno muro de 1 metro de altura e
----------	--



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

	6 metros de longo para facilitar a entrada das máquinas a finca, continuando con 108 metros de cerre a base de estacas de formigón de 2,0 m de alto cada tres meses de distancia co fin de colocar fíos de arame liso. A distancia ao eixo do camiño desde o cerre será de 6 metros.
Situación:	Lg. Ponte Boado – Arceo - 15818 Boimorto
Referencia catastral:	15010A507004440001KL
Orzamento de execución:	1.452,00 Euros
Cualificación urbanística:	Solo rústico de protección agropecuaria e solo rústico de protección de augas
Autorización sectoriais:	Non precisa
Compatibilidade urbanística:	Sí (Informe do técnico municipal, D. Ángel Delgado Cid, de data 20 de marzo de 2017

Debidamente informados de canto antecede e de conformidade co previsto na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG) e na Lei 9/2013, do 19 de decembro, de emprendemento e de competitividade económica de Galicia (LECG), a Xunta de Goberno Local por unanimidade

ACORDA:

PRIMEIRO.- Declarar completa a documentación presentada por medio de comunicación previa aos datos anteriormente consignados, de conformidade co artigo 194.5 da LOUG e ao establecido na Ordenanza municipal reguladora da tramitación das licenzas urbanísticas e outras formas de intervención administrativa, aprobada en sesión plenaria celebrada o 24 de abril de 2014, publicada no BOP nº 144 de 31/07/2014, co que pode realizar a obra, nos termos comunicados.

SEGUNDO.- Dita comunicación previa constitúe título habilitante para o inicio dos actos de uso de solo suxeitos a ela, sen prexuízo das posteriores facultades de comprobación, control e inspección por parte do Concello.

TERCEIRO.- Aprobar a liquidación de ICIO nos seguintes termos:

1º.-

Presuposto de execución material da obra: 1.452,00 Euros

Liquidación 2%: **29,04 Euros**

CUARTO.- Notificar o presente acordo a D. Javier Sueiro Vázquez indicando o réxime de recursos que poden interpoñerse contra o mesmo.

4.1.5.- ENMENDA COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRAS (CP-004)

Examinado o expediente de comunicación previa de execución de obras, presentada en data 23 de marzo de 2017 (RE núm. 675) coas seguintes características:

Solicitante:	D. José Antonio Fernández Amaro, en representación de Unión Fenosa Distribución, S.A.
Domicilio de notificación:	Avenida de Arteixo, 171 – A Coruña
Actuación solicitada:	Subministro a unha vivenda unifamiliar, proxectase unha línea aérea de baixa tensión, segundo carpetas de permisos para P.S. redactada polo enxeñeiro industrial D. Miguel Ángel Bernal López, colexiado ICOIIG nº 2901
Ubicación da obra:	Lg. Lobomorto – Arceo
Referencia catastral:	15010A507003840001KF



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

Orzamento:	790,41 €uros.
------------	---------------

Resultando que, en data 5 de abril de 2017, os servizos técnicos municipais emitiron informe desfavorable sinalando que o tendido de liñas eléctricas en solo de núcleo rural haberán de ser soterradas, conforme ao disposto no apartado 16 do artigo 60 do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Boimorto, así como en aplicación do disposto no artigo 40.2 do Decreto 143/2016, de 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA**:

PRIMEIRO.- Solicitar, en aplicación do artigo 146 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, enmenda da documentación presentada por ser necesario que a liña sexa soterrada, paralizandoo o inicio das obras ata a presentación de dita enmenda.

SEGUNDO.- Dar traslado do presente acordo ao solicitante sen indicación de recursos, por ser un acto de trámite, indicándolle ademais que, de non presentar a documentación solicitada no prazo de días, entenderase que desiste da súa solicitude, previa resolución que será ditada nos termos previstos no artigo 21 da Lei 39/2015, de 1 de outubro.

4.2.- OBRAS SERVIZOS

4.2.1.- PREAVISO DE PRÓXIMO CUMPRIMENTO E RESOLUCIÓN DO CONTRATO DE SERVIZO DE ASISTENCIA TÉCNICO-URBANÍSTICA DO CONCELLO DE BOIMORTO

En aplicación do disposto nos artigos 221, 222.1, 223.h) e 225 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público e artigo 109.1 a) do Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións públicas, e visto o contrato de servizo de asistencia técnico-urbanística do Concello de Boimorto asinado o 05/05/2015 e prorrogado no 2016 coa empresa Cerne Ingeniería, S.A. e aplicando o disposto na cláusula 3ª do prego de cláusulas administrativa particulares da adxudicación de dito contrato a Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDOU**:

PRIMEIRO.- Tendo en conta a normativa expresada, así como a cláusula 3ª do prego de cláusulas administrativas particulares da adxudicación de dito contrato de servizo de asistencia técnico-urbanística do Concello de Boimorto asinado o 05/05/2015 e prorrogado no 2016 coa empresa Cerne Ingeniería, S.A., preavisar ao contratista Cerne Ingeniería, S.A. da intención desta Corporación de resolver o contrato citado con efectos 05/05/2017.

SEGUNDO.- Notificar este acordo á Empresa contratista aos efectos oportunos, concedendo de conformidade co artigo 109.1 a) do Real Decreto 1098/2001 xa citado, un prazo de audiencia de 10 días naturais a contar dende o día seguinte ao da recepción da notificación deste acordo.

5.- ASUNTOS ECONÓMICOS

5.1.- APROBACIÓN DE FACTURAS

A Xunta de Goberno Local en exercicio de competencia delegada pola Alcaldía Presidencia, por unanimidade **ACORDOU**:

ÚNICO.- Aprobar as seguintes facturas:

Nº Factura / Data	Titular NIF/CIF	Descrición	Importe
3/2017-31/03/2017	Raquel Prieto Souto / 47379697L	Servizo de podoloxía no centro de día, residencia de persoas maiores e servizos externos mes marzo 2017	434,00 €
A/045-2017-07/03/17	Galivalia Consulstgo S.L. / B70241088	Contrato de servizos de actualización, execución e	



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

		aplicación do convenio colectivo, acordo regulador e RPT-mensualidade de decembro. Adx. Contrato menor Decreto 237/2016 de 30/06/2016	0,02 €
8500001440-31/03/17	Alimentación Saludable Gallega, S.L. / ESB27831783	Servizo de alimentación na residencia e centro de día mes marzo 2017	6.105,75 €
Recibo-11/04/17	Abanca Corporación Bancaria, S.A. / A70302039	Comisión mantemento tarxeta de telepeaxe via-t crédito	15,00 €
A/42116-31/03/17	Suministros Médicos Viguéses Uno, S.L. / B36797637	Luvras, papel camilla e papel secamáns celulosa para a residencia e centro de día	273,82 €
A/42247-15/04/17		Luvras, papel secamáns, toallas, vaso e tapa unidosis para a residencia	298,02 €
23/17-26/04/17	Cerne Ingeniería, S.A. / A-15056468	Honorarios por asistencia Técnico-Urbanística ao Concello de Boimorto do mes de abril 2017	2.000,00 €
2017 388-30/03/17	Gestcalor, S.L. / B94038106	Pellet de madeira para caldeira de biomasa do concello	532,40 €
2017 389-30/03/17		Pelle de madeira para caldeira para a casa de cultura	532,40 €
17 361-31/03/17	Biocontrol y Calidad Alimentaria, S.L.U. / B15987399	Análise vertidos depuradoras Brates e Boimil	289,04 €
0001645-01/04/17	Tecnología de Desarrollo Sociosanitario S.L. / B05233994	Mantemento aplicación informática da residencia e centro de día mes abril 2017	59,29 €
98-10/03/17	Beatriz Marzoa Rivas / 79320953W	Nota simple parcela de Dormea	3,64 €
124.301-31/03/17	Recambios Santiagueses, S.L. / B15214349	Filtros de aceite para camión de recollida de lixo	23,27 €
124.139-31/03/17		Pastillas de freno para o vehículo de protección civil	106,84 €
124.137-31/03/17		Depósito para o camión grúa	149,44 €
124.138-31/03/17		Cichillas para desbrozadora tractor	168,80 €
10/000872-31/03/17	TRIO Pipe Systems, S.L. / B-70386321	Flexo Grifo da residencia	69,70 €
002-03/04/17	Asociación Gallaecia / G-94128832	Servizo taller infantil de coiro en MAGRECO 2017	40,00 €
76027-31/03/17	Río Blanco S.L. / A70302039	Hipoclorito sódico para o depósito de Boimil. Albarán n.º 88642 de 31/03/17	261,80 €
06B/37-30/03/17	Coregal Parques e Xardíns, S.L. / B15731797	Mantemento zonas verdes marzo 2017	1.996,50 €
A/5474-11/04/17	Ares Rico, S.L. / B-15258817	Almofadas fibra new 90 para a residencia	521,99 €



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

1592-30/03/17 1587-30/03/17	Oscar Vidal García / 79335867N	Reparación autobús Reparación vehículo de protección civil	134,89 € 105,14 €
01/17-07/04/17	Asociación de persoas con discapacidade e apoio a integración das comarcas de Arzúa e Terra de Melide AMARAI	Detalles de acto "Día da muller" celebrado o 31/03/17 (6 tellas)	30,00 €
17FV 231-10/04/17	Agrobotica Arzúa, S.L. / B15476021	Herbicida para sembra de millo no recinto Festival de la Luz	37,00 €
1-31/03/17-	Santiago Vázquez Rodríguez / 78782260S	Material para reparación de camiños municipais	653,40 €
17CR00255- 31/03/17	Corporación Radio e Televisión de Galicia / A15073349	Publicidade comercial do 18/03/17 a 24/03/17 MAGRECO 2017	1.331,00 €
